

# **Festival de BD de Angoulême**

**Javier Montes**

**Coordinador BD da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración**

**[bd@agpilustracion.org](mailto:bd@agpilustracion.org)**

# Introdución

Co obxectivo de establecer contactos no Festival Internacional de BD de Angoulême para promover a BD galega, unha representación da mesa Xunta BD, formada polos membros da directiva de AGPI Francisco Bueno e Javier Montes, desprazouse a Angoulême durante o seu trixésimo cuarto festival.

Este informe é unha guía sobre o festival de 2007, con información para interesados profesionais (autores, expositores, prensa) en acudir ao mesmo nos próximos anos.

## Índice de contidos:

### **O Festival de Angoulême**

Situación e acceso

Aloxamento

Acreditacións e descontos

Planos do festival

A Zona de Exposicións

A Zona Editorial - Axuda e Stands

A Zona Editorial - Mercado internacional de dereitos

Enlaces de interese

### **Conclusións**

# O Festival de Angoulême



O Festival Internacional de BD de Angoulême, con 34 anos ás súas costas é, sen ningunha dúbida, o máis importante de Europa e un dos máis importantes do mundo, o que o converte nun importante centro para a promoción internacional da BD.

## Situación e acceso

Angoulême é unha pequena cidade situada no oeste-suroeste de Francia a 120 km de Bordeos, 45 de Cognac e 445 de París.



Non hai voos directos ata Angoulême, porque non ten aeroporto internacional.

O transporte máis cómodo para visitar Angoulême desde Galicia é a combinación de avión ata Bordeos e desde alí en tren TGV ata Angoulême. Ou ben avión ata París, que pode ofrecer máis ofertas de voo a mellores prezos, combinando cunha viaxe algo máis longa en TGV desde París ata Angoulême. Á hora de programar os horarios de transporte hai que ter en conta tamén o prezo e o tempo de desprazamento desde o aeroporto de Bordeos ata a estación de ferrocarril no centro de cidade.

Existen descontos para transporte en tren presentando acreditación do festival.

## Aloxamento

A capacidade hoteleira de Angoulême non é moi grande e cóbrese completamente durante o festival, polo que é conveniente reservar aloxamento con bastante antelación. Algúns profesionais, sobre todo expositores, que saben que a súa cita co festival vai ser fixa, reservan ata dun ano para outro.

Con todo, a cidade entrégase completamente co evento e unha das posibilidades de aloxamento é en casas particulares que alugan habitacións e ata preparan comidas durante os días do festival.

A través da completa [páxina de turismo de Angoulême](#), que tamén ofrece información específica sobre o festival, pódese reservar habitación en hoteis, hostais, albergues e casas particulares. Dispón ata dun servizo para ver que casas particulares están libres no momento da consulta, cos datos de contacto de cada unha.

## Acreditacións e descontos

Ademais de existir [bonos de entradas](#) para os non profesionais, o festival facilita [acreditacións para autores](#), expositores e prensa que se poden solicitar por teléfono, correo ou correo electrónico á organización do festival. Entre os documentos adxuntos está o formulario de 2007 para solicitar acreditación, aínda que recomendamos visitar a páxina oficial do [Festival](#) para descargar os documentos actualizados. O contrato de *stands* tamén inclúe un número determinado de acreditacións para xestionar libremente, ampliables pagando cada unidade extra.

As acreditacións profesionais permiten acceso libre e gratuíto a todas as instalacións e exposicións do festival. Ofrece descontos na reserva de billetes de tren e nalgúns hoteis. Ademais, existe un servizo gratuíto de taxis para os profesionais acreditados, para desprazamentos pola cidade ou a localidades próximas.

É conveniente solicitar a acreditación por adiantado, porque se pode gozar dos descontos no TGV presentando a acreditación, que doutro xeito non se tería ata visitar o festival. Ademais, coa solicitude por correo evítanse as inxentes colas que se forman nos despachos de billetes sobre todo en venres e sábado.

## Planos do festival

En 2007 o festival presenta unha nova distribución, separando claramente a zona de eventos culturais, que cumpre a función de exposición e festival, da zona de editores, que cumpre a función de venda e negociación. A zona cultural está situada por toda a cidade, principalmente no centro. Algo máis afastada, no lugar de Montauzier, atópase unha macro-carpa de 12.000 metros cadrados que agrupa todos os postos de venda. A zona cultural é facilmente visitable a pé, aínda que tanto esta como o Espazo Editorial están conectados por buses gratuítos que percorren a vila cada poucos minutos e teñen parada en cada un dos puntos importantes do festival.



## Distribución do festival



## Rutas de Bus Gratuito





## A Zona de Exposicións


As exposicións están repartidas por toda a cidade principalmente entre o Champ de Mars e o teatro, ademais de no CNBDI que serve de conexión coa zona editorial. As exposicións oficiais están sinaladas no mapa, pero hai ademais exposicións paralelas apuntadas no propio programa e outras que é fácil ver anunciadas en carteis ou en folletos nos principais puntos de información oficial. A propia cidade é unha exposición constante en si mesma, xa que moitas fachadas están decoradas con motivos de BD e os comerciantes decoran os seus escaparates con personaxes do cómic.

No concello, ademais, pódense realizar presentacións, conferencias de prensa, festas segundo dispoñibilidade con reserva e hai unha zona para prensa con conexión a internet (adsl e wifi)

Tamén estaban nas zonas de exposición do Champ de Mars escolas de BD, deseño e animación dando información sobre os seus cursos.

Pola noite, hai multitude de actividades culturais, oficiais e oficiosas.

## A Zona Editorial – Axuda e Stands



A Zona Editorial está dividida en 2 espazos de axuda para profesionais e prensa, 4 espazos de venda e un espazo para negociación internacional de dereitos.

Por estar afastada da zona de poboación, a estrada de acceso ao recinto está chea de postos de comida e bebida.

Nas zonas de axuda pódense solicitar acreditacións, axuda para hospedar a invitados ao festival e folletos e publicacións informativas. Existen zonas para reunión da prensa e espazos VIP para os editores.

Nas zonas de venda poden expoñer editores e distribuidores de BD, produtores e distribuidores de material relacionado co cómic, venda de segunda man e material de coleccionista, axentes e responsables de dereitos, editores multimedia e editores en liña, profesionais da animación e a infografía e fanzines.

No *Espace Editeurs*, de maior tamaño, expoñen os editores con *stands* de formato libre. Hai todo tipo de decoracións e distribucións nesta zona.

O resto de zonas teñen *stands* tipo caseta ou illa con formatos fixos.

No *Espace Editeurs*, xunto ao *Espace Para-BD* expoñen os editores independentes.

No *Espace Para-BD* véndense esculturas, orixinais de páxinas e outra mercadotecnia relacionada coa BD.

No *Espace BD Alternative*, véndense fanzines e publicacións de colectivos independentes.

Existe información máis concreta sobre a contratación de *stands* nos pdf adxuntos, ademais de fotografías das distintas zonas de venda.

### **A Zona Editorial – Mercado internacional de dereitos**

A zona de mercado internacional de dereitos é unha zona máis tranquila que o resto da carpa, xa que só se pode acceder a ela con acreditación profesional. É unha pequena zona con mesas e unha cafetaría na que os profesionais poden reunirse. Xunto a cafetaría están situados pequenos stands para a negociación de dereitos.

### **Enlaces de interese**

Case toda a información necesaria sobre o festival de Angoulême e para viaxar ata alí pode atoparse directa ou indirectamente (con enlaces a outros sitios útiles) na páxina do festival:

<http://www.bdangouleme.com/>

Oficina de turismo de Angouleme:

[www.angouleme-tourisme.com](http://www.angouleme-tourisme.com)

Concello de Angouleme:

<http://www.angouleme.fr/>

TGV

<http://es.tgv.com/es/>

CNBDI – Centre National de la Bande Dessinée et de l'Image

<http://www.cnbdi.fr/>

La Maison des Auteurs

<http://www.maisondesauteurs.com/>

École Supérieure de l'Image (Angoulême)

<http://www.eesi.eu/>

École des Métiers du Cinéma D'Animation/de la Création Infographique

<http://www.angouleme-emca.fr/>

<http://www.angouleme-emci.fr/>

## **Conclusións**

Comprobamos que o Festival de Angoulême é tan amplo en canto a exposicións e actividades, moitas delas simultáneas, que o mellor para visitalo é facerse unha selección á carta con axuda do programa de man.

En canto aos plans de promoción da BD galega en Angoulême, establecemos este ano un primeiro contacto e demos os primeiros pasos para facer que a BD galega e os seus autores sexan coñecidos no resto do mundo.